



O Goberno español, a través de RENFE e ADIF, ven de discriminar novamente á Galiza coa decisión de eliminar o servizo de información ao público e venda presencial de billetes nas estacións do Barco de Valdeorras, A Rúa, O Carballiño, Ribadavia, Sarria e Guillarei.

O pasado ano, 56.000 persoas mercaron billete nestas estacións. Outras 160.000 utilizaron tamén estas estacións como orixe ou destino, e xa non terán persoal a quen se dirixir.

Seguindo esa liña de recortes a Galiza que aplica o Goberno español, o próximo paso pode ser, directamente, o peche de estacións, eliminando un servizo útil e imprescindible para milleiros de persoas usuarias, ademais de provocar a conseguinte perda de postos de traballo.

É unha decisión arbitraria e inxusta, que vai en contra do discurso oficial de potenciar o tren e do suposto compromiso coa vertebración e desenvolvemento do noso país, e singularmente coas comarcas rurais do interior da Galiza.

Non nos resignemos. Loitemos polos nosos dereitos. Evitemos a eliminación de servizos nas estación de trens galegas.